

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 7 de agosto de 2005.-

## **As praias amadas**

Para Ana e Senín.

Penso que non descubro nada novo se digo que todos os que nacemos na costa levamos para sempre impregnadas na pel as máis imborrábeis pegadas do salitre e das algas, así que de cando en vez o corpo e a mente necesitan dos cariños do mar do mesmo xeito que para saciar a sede sentimos a necesidade da auga.

“Que é a lembranza se non o idioma dos sentimentos?” Tomei ao pé da letra as palabras de Julio Cortázar e decidín escaravechar nos recunchos da miña memoria co gallo de rescatar para uso público as lembranzas máis fermosas que atesouro de todas as praias amadas.

Comezo esta miña andaina polas sempre axitadas costas de Meirás e Valdoviño, paraísos das gaivotas que aniñan a milleiros nos acantilados e debuxan imprevisíbeis coreografías mentres voan por riba dun mar permanentemente embravecido, teimado en mover as areas que cambian de ano en ano a fisionomía da **Praia do Río**. Proben, se non a visitala no verán e logo no inverno e poderán comprobar canto tiña de verdade aquela máxima de Heráclito: “*panta rhei*”, todo flúe, todo está en cambio constante, en continuo movemento. Non nos bañamos dúas veces seguidas nin na mesma praia nin no mesmo río. Ai do mar! Non hai nada que estea tan vivo! Cantas veces pasmei contemplando os tremendos embates das ondas contra esa rocha **Percebelleira**, na **Praia da Frouxeira**, esa illa misteriosa que desafiaba a forza dos océanos con toda a fachenda que pode permitirse un penedo. Confésome namorado dela dende ben pequeno, cando me parecía un poderoso dente da feroz dentamía do mar disposto a arrebatarse a vida de todos os temerarios que intentaban achegarse aos

seus dominios quizais pensando, insensatos, que o mar era non era máis ca un inocente xogo de cativos.

Máis manso se volve o vaivén das ondas cando a auga se interna na placidez da **ría de Ares**, cando a salvaxe ferocidade que amosa noutros lugares se transforma nun paseo vagaroso entre calas de difícil acceso e rochas que se levantan orgullosas de si mesmas a pé da costa. Quixera destacar a fermosura das **Penas Mirandas**, dúas velas dun antigo galeón petrificado que non puido evadirse pola liña do horizonte e ficou ancorado para toda a eternidade. A **Praia de Estacas**, moi pretiño delas, agacha entre as súas areas o sabor das miñas vellas lembranzas familiares. Meus irmáns e meus pais a descender como cabuxas polo acantilado mentres as avoas ficaban arriba para deleitarse coa paisaxe e para contemplar como a familia se bañaba.

Tampouco podo deixar de evocar as veces que visitei a lagoa de **Doniños**, as dunas de **San Xurxo** ou as diversas formas que vai tomando a paisaxe na costa de **Cobas**, onde me quedo coa **praia de Santa Comba**, que dentro das máis fermosas tradicións mariñeiras, e igual que sucede no **Porto de Meirás**, está coroada por unha pequena ermida solitaria que ten que pasar o inverno a desafiar temporais coma bois descontrolados a bater nela.

Quizais foi ese contemplar o ir e vir das mareas o que fixo que nacera en min unha fonda afección viaxeira, así que cada vez que teño a oportunidade me deixo levar e acabo recalando nas costas doutras terras, onde descubro que o mar é unha masa de auga única e indivisíbel, que os océanos son todos un e carecen de fronteiras, e que o único que varía son as xentes que habitan nas ribeiras.

Visitei para o meu abraio as fascinantes formas que toman os acantilados na praia de **Algar Seco**, no Algarve portugués, onde a erosión das rochas calcarias se encargou de construír un labirinto de formas evocadoras... Arcos, piares, cámaras,

covas e gárgolas diminutas que non teñen nada que envexar á mais monumental das construcións góticas (algo semellante ao que ocorre na xa mítica **praia das Catedrais**, en Ribadeo). Baixei tamén pola retorta e empinada estrada que baixa até a praia de **Sa Calobra**, na illa de Mallorca, un paraíso de area que se abre ao mar con dificultade a traveso dunha abertura de apenas dez metros de ancho furada no acantilado pola corrente dun regato que co paso do tempo foi construindo o impresionante decorado dun teatro. Deixeiime bañar polo esplendor luminoso do Caribe en **El Cuyo**, na península do Yucatán, en México, onde as augas están tinguidas de tonalidades turquesas debaixo dun ceo absolutamente inabarcábel, que contrasta coa intensa negritude da praia de **El Golfo**, no litoral oeste de Lanzarote, unha caliña no interior dun cráter do que fica soamente a metade e que no seu centro ten un abraiante lago de cor verde esmeralda chamado **Charco de los Ciclos**, que acentúa aínda máis o carácter exótico da praia, formada a base de area completamente negra e redondos croios de lava. Non resulta difícil imaxinar como a friaxe do mar foi apagando os regueiros de magma.

**A Lanzada, San Vicente e Mexilloeira** en Pontevedra, **Mizen Head**, á beira da Baía de Bantry no suroeste de Irlanda, **Monsul** ou **Playa de los Muertos** no Cabo de Gata... Podería facer aínda máis extensa, case interminábel, a miña lista das praias máis amadas, así que simplemente vou retomar unha palabras que escribín nun poema hai moitos anos: "*O día que eu morra enchede o meu corpo de praias*".

© Xesús Constela Doce, 2005